



BOP

XOVES, 30 DE ABRIL DE 2020

N.º 098

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

CONCELLOS

MEIRA

Anuncio

Por Resolución da alcaldía de data 16 de abril de 2020, aprobouse o Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiros, lixo e canon de auga da Xunta, correspondente o 1º. **bimestre do exercicio 2020**, así como a apertura dun período de información pública por prazo de un mes a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido na Secretaría do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario dende o día 29 de maio ao 29 de xullo de 2020.

Contra o acto de aprobación do padrón e das liquidacións de tributos municipais incorporadas a éste, poderase formular recurso de reposición ante esta Alcaldía, no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interponerse ambos simultaneamente. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a exixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Meira, 16 de abril de 2020.- O alcalde accidental, Agustín Méndez Moirón.

R. 0764

A PONTENOVA

Anuncio

LISTAXE DE CONTRIBUÍNTES POR APLICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) DE MARZO 2020.

Por Resolución de alcaldía de data quince de abril de 2020, resólvese prestar aprobación da devandita listaxe que estará exposta nas oficinas municipais en horario de 9:00 a 14:00 horas; durante o prazo de 15 días contados a partir do seguinte ao da súa publicación no BOP de Lugo, para os efectos de que poida ser examinada e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, entendéndose definitivamente aprobada se transcurrido o devandito prazo non se formularan suxestións contra ésta.

Contra as liquidacións comprendidas na listaxe de contribuíntes poderase formular recurso de reposición, anterior o contencioso-administrativo, perante a alcaldía no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da finalización da exposición pública da listaxe.-

Así mesmo, acórdase a apertura do prazo de recadación en período voluntario que será segundo o seguinte detalle:

A) Prazo de ingreso en período voluntario do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar : **dende o 15 de maio de 2020 ao 15 de xullo de 2020**, ámbolos dous inclusive.

B) Os recibos, non domiciliados, poderanse facer efectivos na conta bancaria **ES78-2080-0137-41-3110000025** que este Concello ten aberta na oficina de **ABANCA**, sucursal de **A Pontenova**.

Transcorrido o prazo de ingreso voluntario, sen que se efectuaran os pagamentos correspondentes, e unha vez rematado este, os recibos pendentes pasarán ó cobro pola vía executiva de constrinximento.

Decreta, manda e asina o señor alcalde, na Pontenova a 17 de abril de dous mil vinte.

A Pontenova, 17 de abril de 2020.- O alcalde, Darío Campos Conde.

R. 0765

O VALADOURO

Anuncio

APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DO MES DE MARZO DE 2020

Aprobado por Resolución de Alcaldía nº 2020-0118 de data 6 de abril de 2020, o Padrón de contribuíntes do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrència e de dependencia, correspondente ao mes de marzo de 2020 polo importe total de 4.520,72€.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O Valadouro, 8 de abril de 2020.- O Alcalde, Edmundo Maseda Maseda.

R. 0766

XERMADE

Anuncio

Aprobación definitiva do expediente de modificación da base de execución do orzamento núm. 51.2.

O Pleno deste Concello aprobou inicialmente o expediente de modificación das bases de execución do orzamento na sesión extraordinaria celebrada o 11/03/2020. O anuncio de aprobación inicial publicouse no BOP n.º 069 o 25/03/2020, sen que se presentaran alegacións. Consonte ao disposto no artigo 169.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, publícase o texto definitivo da base núm. 51.2, quedando como se detalla:

51.2. SUBVENCIÓNS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA.

*1º. Establecese unha subvención de **900,00 €** por neno nacido no municipio do 1 de decembro de 2019 ao 30 de novembro de 2020, cunha dotación orzamentaria 7.200,00 €, na partida 231.480.*

O que se fai público para xeral coñecemento.

Xermade, 21 de abril de 2020.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 0767